

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 369/2009, DO 17 DE XUÑO.**

Mediante Resolución de Alcaldía nº 313/2009 de 1 de xuño, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, na modalidade de "obra ou servizo determinado", de oito peóns para a limpeza das praias no Concello de Cabana de Bergantiños.

A convocatoria foi publicada no xornal "La Voz de Galicia" o día 2 de xuño, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal tal e como establecían as bases do expediente 276/09.

Reunido o tribunal o día 11 de xuño de 2.009, procedeuse a valorar os méritos achegados así como á realización da proba práctica, todo isto de conformidade co baremo establecido nas bases de selección aprobadas mediante resolución nº 313/2009 do 1 de xuño.

A vista do anterior, o tribunal de selección propón que se proceda á contratación de Dna. M. Pilar Parga Cousillas (DNI nº 79.315.259-N), Dna. Alicia Cousillas Pose (DNI nº 79.311.037-E), Dna. Ana M. Amado Pastoriza (DNI nº 52.432.977-S), D. Gonzalo Fondo Pose (DNI nº 79.338.559-J), Dna. Inés Senande Romar (DNI nº 76.353.598-S), Dna. Blandina Maroñas Amado (DNI nº 76.369.166-N), D. José Manuel Abelenda Fondo (DNI nº 32.835.505-S), D. José Narciso Lema Fondo (DNI nº 32.445.700-Z) como aspirantes idóneos. Vista a citada proposta de nomeamento e visto que os aspirantes, presentaron en tempo e forma a documentación esixida pola base novena das bases aprobadas por resolución de Alcaldía nº 313/2009, do 1 de xuño.

Consonte co preceptuado nos artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril e 41.14.c) do ROF., pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO:** Nomear a Dna. M. Pilar Parga Cousillas (DNI nº 79.315.259-N), Dna. Alicia Cousillas Pose (DNI nº 79.311.037-E), Dna. Ana M. Amado Pastoriza (DNI nº 52.432.977-S), D. Gonzalo Fondo Pose (DNI nº 79.338.559-J), Dna. Inés Senande Romar (DNI nº 76.353.598-S), Dna. Blandina Maroñas Amado (DNI nº 76.369.166-N), D. José Manuel Abelenda Fondo (DNI nº 32.835.505-S), D. José Narciso Lema Fondo (DNI nº 32.445.700-Z), como persoal laboral temporal, para o posto de peón de limpeza de praias deste Concello, cunha duración de dous meses e medio dende a sinatura do contrato, baixo as condicións establecidos nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía 313/2009 do 1 de xuño.

**SEGUNDO:** Os restantes aspirantes quedarán como reservas nos casos de vacante ou renuncia ao posto do nomeado e pola orde da puntuación obtida no procedemento de selección.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Mándao e asínao o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o dezaseis de xuño de dous mil nove, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde,  
Asdo.: Jose Muíño Domínguez

O Secretario,  
Asdo.: Federico Suárez Cancelo.